

**COMISIÓN PARITARIA DE SEGUIMIENTO E  
INTERPRETACIÓN DO ACORDO SOBRE DEREITOS DE  
PARTICIPACIÓN DO PERSOAL AO SERVIZO DA  
ADMINISTRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA EN MATERIA  
DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (27 de xuño de 2017)**

Recóllese a continuación un resumo do tratado no pleno ordinario do Comité Intercentros de Seguridade e Saúde Laboral da Xunta de Galicia, celebrado o 27 de xuño de 2017;

**1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xuntanza correspondente ó 8-04-2013:**

Apróbase a referida acta por unanimidade.

**2. Adaptación dos Comités de Seguridade e Saúde Laboral á actual estrutura da Xunta de Galicia.**

Dende CSI•F, tal e como expresáramos con anterioridade, entendemos que a configuración dos comités debería ser mediante unha nova estruturación baseada en ámbitos ou áreas de intervención, e non tanto nunha estrutura organizativa, toda vez que esta configuración é pouco flexible e operativa e non se corresponde coa realidade (así, a modificación que se propón hoxe, tampouco se corresponde coa actual configuración dos comités de empresa actualmente existentes).

O presidente do CISSL informa que se seguirá traballando nunha nova proposta organizativa, pero que, na actualidade, urxe adaptar estes comités á nova estrutura administrativa da Xunta para o seu funcionamento, motivo polo que se fai esta proposta. Así, e a expensas desta nova organización preventiva, acórdase modificar a vixente estrutura da seguinte maneira:

- a) O comité de seguridade e saúde laboral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas desdóbrase en dous:
- Comité de seguridade e saúde laboral da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do territorio.
  - Comité de seguridade e saúde laboral da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.
- b) O comité de seguridade e saúde laboral da Consellería de Economía e Industria pasa a absorber a área de emprego, e denomínase Comité de seguridade e saúde laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

- c) O comité de seguridade e saúde laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o da Consellería de Cultura e Turismo pasa a fusionarse nun só: Comité de seguridade e saúde laboral da Consellería de Cultura, Educación e O.U.
- d) O comité de seguridade e saúde laboral de Traballo e Benestar, pasa a denominarse Comité de seguridade e saúde laboral de Política Social.

Froito desta reestruturación dos comités afectados, debe procederse a unha nova designación de 5 delegados de persoal e 5 representantes da Administración a maiores da existente.

- 3. ***Debate e interpretación ou modificación do acordo no relativo á participación dos diferentes delegados de prevención nas visitas de prevención, grupos de traballo de riscos psicosociais ou calquera actividade preventiva que requira da presenza destes.***

Dende CSI•F propoñemos que , coa finalidade de dotar dunha maior operatividade e flexibilidade á actividade preventiva, se modifique a seguinte redacción para o parágrafo terceiro do punto 3. Delegados de prevención, do seguinte xeito (en negra e cursiva):

“ Tanto os delegados e delegadas de prevención, como as persoas representantes da Administración poderán ser substituídos, nas reunións dos comités que figuran no anexo, por outros representantes. As persoas substitutas dos representantes das organizacións sindicais, deberán ser tamén delegados e delegadas de prevención **conforme á designación efectuada por estas, sempre e cando ostenten a condición de empregado público. Non obstante, e para aquelas outras actividades preventivas que requiran a presenza destes tales como as avaliacións de riscos, as visitas preventivas ou os grupos de traballo entre outros, ademais do procedemento de substitución sinalado con anterioridade, tamén poderán ser substituídos polos delegados de persoal e/ou delegados sindicais das respectivas organizacións sindicais.**”

Polo que se refire a esta proposta, dende a parte social (tomando como punto de partida a proposta enunciada anteriormente) acordamos achegar á Administración nos vindeiros días unha proposta única e consensuada entre as catro organizacións sindicais.

- 4. ***Outras cuestións.***

Falta de publicidade/información das avaliacións de riscos:

Denúnciase que, moitos dos responsables de persoal dos diferentes centros, non achegan ou dan publicidade dos resultados das avaliacións de riscos ou fichas de riscos ós traballadores/as afectados.

Dende CSI•F lembramos que é un dereito de información recollido na LPRL para os traballadores e unha obriga para o empresario (Administración). En consecuencia, é importante resaltar que os delegados/as de PRL deben esixir tal información no caso que esta non sexa facilitada.

Non obstante, respecto deste asunto, acórdase tratalo como un punto específico na orde do día do vindeiro comité.

Carnés de identificación de delegados/as de PRL:

O Servizo de Prevención de Riscos informa que segue permanentemente aberto o prazo para a solicitude da referida identificación, tanto para os delegados/as de PRL que foron designados, como para aqueles que o puidesen extraviar.

Traballadores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:

Coa modificación operada no artigo 1 do V convenio do persoal laboral da Xunta de Galicia por parte das organizacións sindicais CIG, CCOO e UXT e a Administración (Dog de 23-06-2017), pasa a incluírse no seu ámbito de aplicación o persoal que presta servizos na referida entidade.

Por tal motivo, e dado que dito precepto afecta a uns 1.500 traballadores/as, xurde a dúbida da súa cobertura en materia preventiva. Non obstante, e dado que na actualidade dispoñen da contratación en vigor dun Servizo de Prevención alleo, acórdase retomar este tema unha vez sexa necesaria unha nova licitación.

CSI•F, 29 de xuño de 2017